



San Sebastián, corpo de beleza e dor. Unha paixón privada

Edificio Castelao, Museo de Pontevedra

Do 30 de xaneiro ao 5 de abril de 2025

INFORMACIÓN DAS CARTELAS DE SALA

Sebastián noutros escenarios posibles

1. PAOLO CASELLI

San Sebastián Mártir, antes de 1935

Augaforte

180 x 124 mm

Colección particular

É verdade que o santo aínda porta as setas sobre o seu corpo, pero de non ser polo nome do santo rotulado en grandes caracteres a estampa pasaría desapercibida como referida a San Sebastián. Esta escena singularísima amósao no momento que está sendo martirizado cunha malleira de paus no que foi o seu segundo martirio e do que finalmente morreu segundo a lenda. Descoñecemos a data do gravado, mais sabemos que o gravador naceu en Roma en 1863 e morreu en 1935.

2. JAN BAPTIST VRINTS

Feira de San Sebastián, c. 1575-1610

Augaforte

209 x 303 mm

Colección particular

A feira de San Sebastián recoñécese pola estandarte onde aparece pintado o santo e as frechas, e que ondea no mastro desta casa de primeiro plano e que representa o balbordo da festa. O texto ao pé do gravado informa en francés sobre algunhas das

cousas que vemos na estampa nunha desa festas patronais. Ao lonxe, unha procesión portando ao santo e que está a entrar xa na igrexa, por diante, unha feira de postos, e logo no centro do campo da feira persoas xogando derredor dunha mesa, ou cun pau e unha bola, ou cun ganso colgado ou a batallas con espadas. Nun segundo plano un banquete amenizado por unha zanfona. O primeiro plano se inicia cunha dama mercando para o seu cativo un brinquedo. E moi preto, na equina esquerda, un home durmindo no chan boca abaixo, quizais bébedo, e un baile con música dun gaitero e tamén unha parella de namorados sentados no chan. Velaí un tollido que recibe a esmola dun home e, á par, unha muller vomitando (e hai tamén un home vomitando tras unha casa algo máis atrás). Por todo iso o texto en neerlandés antigo dá unha idea exacta da intencionalidade da estampa: “As feiras dos granxeiros están ben cheas,/ Todo tipo de praceres vense suceder/ Entón cada un pode desfrutar de tal compañía/ a gula toma o mando, fuxe...” En definitiva todo o que segue a facerse máis de 400 anos despois.

3. GIUSEPPE MARIA MITTELLI

El martirio de San Sebastián, c. 1660-1665

Augaforte

345 x 511 mm

Colección particular

Pintura de Veronese para a igrexa de San Sebastián de Venecia e onde vemos unha escena de interior no que parece ser o intre exacto en que é sentenciado a sufrir martirio e procédese a espilo para preparalo para o aseteamento, pero o fai co seu corpo en horizontal, deitado e case oculto entre as numerosas persoas que participan na escena.

Presente, entre outras, na colección da Biblioteca Nacional de España

Martirio de San Sebastián

1. JACQUES COELEMANS

Sebastianus Cristianus, c. 1690-1709

Talla doce

350 x 252 mm

Colección particular

Estampa de forte claroscuros no que aparece iluminada a parte dianteira do corpo do mártir e tamén o rostro dun dos seus verdugos. Sebastián é captado no intre en que os soldados proceden a suxeitalo a árbore antes da execución. Ao levantarlle a súa perna dereita para apreixala, o mártir fica nunha postura de danzante que dota de gracia á escena, seguramente tamén porque o seu rostro amósase alleo a esas frechas que aínda non fixeron acto de presenza na escena.

Presente, entre outras, na colección do British Museum, Londres.

2. AEGIDIUS SADELER II

O martirio de San Sebastián, c. 1620

Talla doce

431 x 305 mm

Colección particular

A querenza manierista pola liña sinuosa e o arabesco, acae ben cos cabelos rizados e louros de Sebastián que semella ser un danzante algo sorrinte cuxo rostro aínda non coñece a dor, pois certamente aínda está sendo atado á árbore. Os dous soldados que, atópanse cangados e en posturas complicadas, queren informar ao espectador sobre a pericia do artista para as representacións anatómicas complexas. O *horror vacui* barroco pon a cada lado e ao fondo, outras tantas escenas do martirio, por un lado a chegada ou a marcha dos soldados trala execución e do outro, unha muller e varios homes que seguramente sexan Santa Irene e os compañeiros que parecen estar agardando para ir recoller ao axustizado e curarlle as feridas. No ceo, nubes e ramaxe cobren o ceo e un anxo xa está presto, aínda sen ser martirizado, a concederlle a Sebastián a palma e a coroa do martirio.

Presente, entre outras, na colección do Victoria & Albert Museum, Londres.

3. JAN MULLER

Martirio de San Sebastián, c. 1600

Cobre

455 x 33 mm

Colección particular

Obra barroca na que a presenza de movementos contrarios síntese decote, dende a banda esquerda e cara á dereita da escena puxan os arqueiros aos que se enfronta o santo dende o flanco dereito, e faino con afouteza, axudado polas pólas da árbore e o movemento das follas. Tamén desde abaixo ascende cara a arriba a forza dos dous soldados da parte inferior aos que se contrapón desde a cima e cara a abaixo o feixe de luz celestial e o anxo coa palma do martirio. En contraposición a esas forzas contrarias, o fondo é bastante esluído cun hierático e calmo emperador a cabalo observándoo todo.

Presente, entre outras, na colección do MET, Nova York.

4. NICOLAS DORIGNY

Sebastianus Christianus , 1699

Talla doce

639 x 355 mm

Colección particular

Representación barroca do momento mesmo do martirio dunha complexidade técnica desmedida, onde o extraordinario virtuosismo do artista fai un alarde de personaxes, posturas e situacións, nun *maremagnum* en completo remuíño onde se xuntan terra e ceo, con anxos, animais e persoas de todas as idades. E por certo, unha desas escasas ocasións onde Sebastián é representado como un hercúleo home maior e barbudo.

Presente, entre outras, na colección da Academia de Belas Artes de San Fernando, Madrid.

5.PIETRO TESTA

San Sebastián atado a unha árbore, c. 1625-1650

Augaforte

37,3 x 21,7 cm

Colección particular

Con certa frecuencia os saíóns do santo teñen un corpo e rostro que trata de amosar no exterior a fealdade dos seus espíritos, por oposición a Sebastián, crisol da beleza do corpo e da alma. Estes dous arqueiros colocados á esquerda teñen unha idade proveceta e anatomías brutas. Particularmente, no vellote que vemos en primeiro plano de perfil, que, espido, loce mostacho e coleta, na cima dunha cabeza rapada, quizais para expresar con esa imaxe seren un estranxeiro. Ademais, o artista o adorna de dunha prominente chepa. Os verdugos, están sentados no chan falando entre eles. Son dúas figuras estrañas que non deixan de suscitar a nosa turbación. En outro orde cousas, cómpre dicir tamén que na cartolina aínda figura o selo do prestixioso coleccionista gráfico George Denzel, ao que pertenceu con anterioridade a estampa.

Presente, entre outras, na colección do MET, Nova York.

6. JOHANNES DE GROOT II

San Sebastián, 1703-1776

Mezzotinta

215 x 139 mm

Colección particular

Sebastián, de potente musculatura, semella estar só arrodeado de sombras, mais agochados nesa escuridade, ollamos a dous soldados que están procedendo a prendelo. Tecnicamente, trátase dunha *mezzotinta*, usada decote por este gravador holandés afincado en Leyden. Unha técnica cun proceso longo e tedioso e que polas súas características non permite moitas copias do gravado e que é especialmente acaída para os matices e os claroscuros.

Presente, entre outras, na colección do British Museum, Londres.

7. GOTTFRIED BERNARD GÖZ e JOSEPH SEBASTIAN e JOHANN BAPTIST KLAUBER*

Martirio de San Sebastián, 1750

Augaforte

144 x 91 mm

Colección particular

Este é un gravado de moi pequenas dimensións e gran finura procedente do *Annus dierum sanctorum. Delectabar per singulos dies*, Augsburgo 1750 editado polos gravadores: G.B Göz, e os irmáns J.S. e J.B Klauber. Nun escaso espazo a destreza dos artistas logra introducilo case todo. A ambos lados, soldados con arcos e ballestas que están a cargar ou disparar. No centro, o moziño Sebastián ten aos seus pés a armadura. Detrás de el, a un lado os oficiais e o emperador, e noutro lado, unha gran masa de soldadesca. E aínda detrás, como peche da escena, un horizonte de arquitecturas, cunha cidade amurallada. E, por fin, as cabezas de anxiños rebulindo no ceo. Mais aínda hai sitio para dúas citas bíblicas en latín: arriba, “Púxome como albo dunha frecha”, do Libro das Lamentacións. Abaixo: “Foi gravemente ferido polos arqueiros” (1 Samuel 31:3)

8. GIOVANNI WENZEL

O martirio de San Sebastián, 1841-1847

Augaforte e augatinta

200 x 145 mm

Colección particular

Procedente de *Il Perfetto Leggendario overo. Vite de Santi per ciascuno giorno dell'anno* que foi editado por Romualdo Gentilucci entre 1841 e 1847 e que contén 366 estampas debuxadas por Filippo Bigioli. Vemos unha composición que resulta moi interesante polo carácter sintético da composición e polo modelado que fai das figuras. Cómpre destacar como a luz divide a escena en dúas partes. Por unha banda, sitúase o santo no centro dunha praza a que lle da todo o sol e onde o mártir fica bañado

de luz. Mentres que, no lado esquerdo, os soldados están resgardados á sombra dun muro, e así, sen que o sol os cegue, poden centrarse nese obxectivo a bater que é Sebastián. En canto á técnica de gravado utilizada, subliñar que xúntanse aquí dúas pranchas, unha co debuxo e outra coa cor.

9. JACQUES CALLOT

Martirio de San Sebastián, 1615-1635

Cobre

156 x 321 mm

Colección particular

Gravado de inmenso éxito iconográfico, moi copiado e, á vez, único no xeito de encarar á representación do martirio do santo. Velaí unha gran *vedutta* en formato horizontal de Roma e as súas ruínas clásicas, onde destaca á esquerda o seu Coliseo, arruinado e cuberto con vexetación nos seus muros. Unha escena cun gran número de soldados a cabalo e a pé, e tamén cun pobo que císcase polos moitos e diferentes planos da composición. Sebastián aparece suxeito a un poste no centro dese mundo urbano, pero moi lonxe e moi esluído, porque a verdadeira protagonista da estampa é a cidade de Roma.

Presente, entre outras, na colección do Art Institute de Chicago

10. FRANS HOGENBERG

Vista de San Sebastián, 1572

Cobre iluminado

475 x 159 mm

Colección particular

Procede da obra en cinco volumes *Civitates Orbis Terrarum* (1572-1617), do seu tomo I. Aínda que na súa elaboración participaron varios debuxantes, o máis prolífico, e responsable de case todas as vistas españolas, foi o flamengo Joris Hoefnagel (1542-1601), que permaneceu na península entre 1563 y 1567. Os debuxos a pluma de Hoefnagel foron reelaborados, na súa meirande parte, para a edición en gravado en augaforte e buril, polo tamén flamengo Franz Hogenberg (1538-ca. 1590). E posteriormente coloreados a man. A vista encantadora da baía de Donostia-San Sebastián contén unha sorpresa: Á esquerda aparece, solitario, o santo aseteado atado a un tronco desmouchado ao que a cidade debe seu nome.

Sebastián, só e nu

1. EDMÉ JEAURAT

San Sebastián, c. 1724

Cobre

330 x 225 mm

Colección particular

Esta postura, con el santo sentado sobre una gran capa e rodeado de casco, escudo e uniforme, constrúe un mártir grandilocuente e magnífico, nunha compostura que semella máis a dun poderoso nobre francés sentado no seu trono que a un santo axustizado no campo. A composición encaixa á perfección cos postulados escenográficos do Barroco francés.

Presente, entre outras, na colección do MET.

2. GIOVANNI FOLO

San Sebastián, anterior a 1836

Talla doce

354 x 440 mm

Colección particular

Estamos perante unha iconografía ben singular do martirio, seguramente debido ao credo Neoclásico do gravador. A Sebastián, vémolos sentado, apoiado na árbore e a carón de todas as súas pertenzas de soldado, mesmo a bandeira. Eis, un corpo delicadamente debuxado e ao que só fire de xeito ben leve unha frecha no seu antebrazo esquerdo.

Presente, entre outras, na colección do Musei Civici de Monza.

3. JACOTIN

San Sebastián, posterior a 1840

Litografía iluminada

405 x 296 mm

Colección particular

A familia Bulla dedicouse ao comercio de edición e comercialización de estampas desde 1840.

4. LOUIS AUGUSTE TURGIS ET FILS

San Sebastián, c. 1846-1876

Litografía iluminada

273 x 203 mm

Colección particular

Turgis foi un gravador e vendedor de estampas francés que xunto cos seus fillos tiveron un próspero negocio (aprox. Entre 1846 e 1876) de litografías a cor e gravados relixiosos que tivo oficinas en París e Nova York (os seus enderezos figuran ao pé da estampa). Da internacionalización do seu negocio dá idea o feito de aparecer o nome do santo en francés, español e portugués.

5. PIER FRANCESCO MOLA

San Sebastián, c. 1600 – 1699

Talla dulce

268 X 201 mm

Colección particular

Un Sebastián que, de xeito inédito, e se non fora por esas dúas pequena saetas no peito e polas mans amordazadas á árbore, semella en todo a un paseante barroco espido que camiña no bosque. Alleo ao espectador, camiña cara a esquerda tranquilo e reconcentrado co ollar no horizonte como se fose un bañista sen máis que vai ou volve dun baño no bosque. O gran tronco da árbore que o suxeita, parece mesmo afastarse del cara a dereita, mentres o santo avanza en sentido oposto. Moi interesante tamén o feito de que o artista une seu nome na sinatura á cidade de Roma que no gravado contextualiza con un dos seus monumentos: a pirámide de Caio Cestio, que vemos ao lonxe.

Presente, entre outras, na colección do Castello Visconteo, Pavia.

6. GIOVANNI BONAFEDE

San Sebastián, 1839

Talla dulce

243 x 168 mm

Colección particular

Singular iconografía do santo de xeonllos e coas frechas do martirio na man esquerda, atribuíble a que, en realidade, esta imaxe do santo non é en orixe unha pintura individualizada, senón que forma parte, no seu costado dereito, da pintura da *Gloria de Todos os Santos* no retablo realizado por Guercino en 1647.

Presente na colección, entre outros, da Civica Pinacoteca Il Guercino de Cento.

7. GOTTFRIED GRAF

San Sebastián, 1921

Litografía

450 x 273 mm

Colección particular

Obra expresionista alemá, cun home contemporáneo (véxase a cidade expresionista que hai ao fondo) nu e axeonllado. Repárese nese contorno negro de ollos do santo, quizais maquillado ou quizais simplemente de fondas olleiras, pero que non deixa de xerarnos turbación. E tamén, por certo, desconsolo por mor dese seu ollar curioso que, de esguello, encara ao espectador. Un retrato que inevitablemente relacionamos coa biografía deste académico alemán do gravado que foi expulsado da súa cátedra polo nazismo e cuxo réxime considerou a súa arte dexenerada e que, por tanto, foi destruída. Todo o cal afundiou física e psiquicamente ao artista, quen morreu en 1938.

8. IGNAZ EPPER

San Sebastián, c. 1913 - 1918

Litografía

238 x 181 mm

Colección particular

O artista suízo, un dos expresionistas máis notables do seu país, realizou sobre o tema de San Sebastián nos primeiros anos da Primeira Guerra Mundial, entre 1913 e 1918, dúas xilografías, unha litografía, varios debuxos e tres óleos, o cal dá idea da identificación que o artista tiña coa iconografía de Sebastián. El mesmo era coñecido polas súas amizades como “o ourizo” (en ocasións tense falado de San Sebastián como ourizo cuberto de frechas) polo seu carácter melancólico e reservado e amosou grande interese nos asuntos psicanalíticos. A presente imaxe, de gran dramatismo, amosa a un Sebastián espido que se nos encara, que está de xeonllos e que expresa toda a dor e o desvaleamento ao que é sometido o ser humano en tantos contextos sociais.

Presente, entre outras, na colección da Fondazione Epper, Ascona.

9. JULIUS KOMJATI

Saint Sebastian, 1928

Augaforte

438 x 285 mm

Colección particular

O húngaro Julius Komjáti (1894-1958) ingresou na Academia de Belas Artes en 1914 pero foi recrutado en 1916, para a Primeira Guerra Mundial, sendo aínda estudante. Foi feito prisioneiro polos romaneses e foi unha das dúas mil persoas, dun total de dezaseis mil, que sobreviviron a 18 meses de cativeiro. Trala guerra, e en 1927 recibe unha bolsa de estudos para o Royal College of Art Londres onde chega en 1928 (ano deste gravado de Sebastián asinado polo artista) e onde residiría durante dez anos antes de volver de novo ao seu país. En Gran Bretaña publicou, con enorme éxito, a maior parte da súa obra gravada e que conservan os grandes museos británicos. Os seus augafortes foron tan apreciados que foi un dos poucos artistas estranxeiros elixidos para a Royal Society of Painter-Printmakers. Neste Sebastián *tenebrista* e espido que toca o chan coa man a xeito de conexión conmovedora coa terra, semella reflectir a espiritualidade que a

crítica concorda en atopar nos seus traballos, a partir das terribles experiencias que sufrira durante a Gran Guerra.

10. BRUNO BRAMANTI

San Sebastián, 1938

Xilografía

135 x 89 mm

Colección particular

Obra asinada e datada de xeito autógrafo polo artista a lapis, e na que recrea libremente e desde unha ollada moi contemporánea (v. g. as masas e volumes de negros e brancos), unha representación icónica onde as haxa: o Sebastián de Il Sodoma, c. 1525, obra cumio do Renacemento italiano e hoxe na Galleria dos Uffizzi.

11. JOHANNES POPELS

San Sebastián, c. 1660

Augaforte

217 x 108 mm

Colección particular

Estampa procedente da compilación *Theatrum Pictorium* serie de gravados que reunían as pinturas italianas da colección do arquiduque Leopoldo Guillermo de Austria editada en 1660 por David Terniers II, o Mozo. Nove desas láminas están asinadas por Popels, entre elas esta de San Sebastián. O San Sebastián de Palma o Vello que copia Popels é un rapaz tenro e algo gordiño, moi do gusto barroco. Ao pé do gravado figura a ficha coas medidas do cadro e mesmo número de catalogación da obra (nº 167) na colección do arquiduque.

Presente, entre outras, na colección da Galería Nacional Eslovaca.

12. GILLES ROUSSELET (Seguidor)

San Sebastián, s/d

O gravado de Rousselet está datado entre 1634-1678

Talla doce

257 x 174 mm

Colección particular

13. GIUSEPPE ASIOLI

San Sebastián, 1830

Cobre

310 x 205 mm

Colección particular

Gravado procedente da compilación *La Pinacoteca della Pontificia Accademia delle Belle Arti in Bologna pubblicata da Francesco Rosaspina Professore nella Accademia sudetta*. Rosaspina comezou en 1818 un proxecto para producir gravados baseados en pinturas conservadas na Pinacoteca de Boloña, que se completou en 1830. O artista posuía unha técnica refinada que, empregando principalmente o gravado e o buril, daba aos seus gravados os suaves efectos modelados e de claroscuro que se adoitan conseguir coa pintura e que tan ben levou a cabo aquí o gravador.

14. GIACOMO MARIA GIOVANNINI

Martirio de San Sebastián, c. 1680-1717

Cobre

220 x 319 mm

Colección particular

Unha das representacións seguramente máis abraiante do Mártir, cuxa potente anatomía vista desde abaixo impoñe sobre todo a representación. Eis unha reivindicación dunha masculinidade carnal e poderosa asentada e levantada sobre os alicerces do mundo clásico sobre o que se apoia e ergue o santo. O rostro de Sebastián, que mira de esguello cara a esquerda, é tanto o de un deus poderoso do mundo clásico que está sendo axustizado como o dun simple e melancólico atleta mártir.

Presente, entre outras, na colección da Accademia Carrara de Bérghamo.

15. AGOSTINO CARRACCI

San Sebastián, 1580

Cobre

351 x 246 mm

Colección particular

Velaí un monumental Sebastián onde o corpo do santo impoñe na escena. Ten só unha frecha no costado e hai outra que foi parar ao tronco. Repárese tamén na beleza da vexetación que hai no chan e na cidade fortificada da dereita. Parece ser copia dunha pintura de Francesco Francia desaparecida.

Presente, entre outras, na colección do British Museum, Londres.

16. ANÓNIMO

San Sebastián, 1886

Augaforte

255 x 117 mm

Colección particular

A estampa procede do álbum editado polo British Museum co título de *Reproductions of Prints in the British Museum*. Publicado por The Trustees, 1886. Nova serie, part I (Early Italian Prints). A estampa orixinal é de 1470-1500, tamén no British Museum.

17. JAN DE BISSCHOP

San Sebastián, 1671

Talla dulce

239 x 107 mm

Colección particular

Obra pertencente á compilación de gravados *Paradigmata Graphices variorum artificum*, publicada por Bisschop, en A Haya, en 1671. O debuxante da estampa é, tal como figura á esquerda, Giuseppe Cesare d'Arpino. Estampa coñecida principalmente como "San Sebastián" e onde a única mención á arbore do martirio é seu pé esquerdo apoiado sobre o toco dunha árbore, precisamente, cortada. Pero o gravado tamén podería referir o encolgamento de Amán, que se relata no Libro de Ester, na Biblia. Un Sebastián-Amán, en suma, que resulta especialmente singular polo paganismo que amosa, entre outras cousas pola súa nudez integral.

Presente na colección, entre outras, de The British Museum, Londres.

18. TRUETA

San Sebastián, 1968

Augaforte

308 x 381 mm

Colección particular

Dedicado por un descoñecido artista que asina como Trueta e cun autógrafo que di "Para Guillermo" e que data en Londres en 1968 o gravado representa dúas metades, que se separan mediante liñas verticais. A primeira metade a divide en dous cadrantes, no primeiro vemos un can no que semella un areal onde ao fondo ollamos as liñas do mar. A segunda parte desta escena é un bañista nu que está aseteado e de costas ao espectador. Na outra metade do cadro, que constitúe a terceira escena, aparece o mesmo personaxe pero de fronte, agora acompañado dun cans sentados ao seu carón. El está agora de fronte e espido co cabeza gacha e as man ás costas pero sen frechas. Unha moi suxerente representación do mártir que, como tantas outras veces, actúa como reflexo e reflexión das vicisitudes das vidas das persoas.

Sebastián, un torso en primeiro plano

1.FERDINANDO GREGORI

San Sebastián, 1756

Augaforte

351 x 275 mm

Colección particular

O florentino Gregori, que chegou a ter o título honorífico de “Maestro incisore” amosa neste gravado a súa extraordinaria pericia técnica que se une ao xa de por si magnífico Sebastián que pinta Guido Reni, cun belo rapaz ao que no canto de ollar co seu corpo ensanguentado polo martirio descubrimos inmaculado e luminoso.

Presente, entre outras na Wellcome Collection.

2.JEAN GANIÈRE

San Sebastián, c. 1627

Talla dulce

320 x 224 mm

Colección particular

Estampa barroca gravada polo francés Jean Ganière. O gravado conta, como adoita facerse en ocasións, cunha dedicatoria feita polo impresor e editor parisiense René Guérineau (1605-1664) a Henry de Harlay, barón de Pallemor e Sancy, a quen se dedica a estampa. O barón foi un oficial que retirouse á vida relixiosa nos Padres Oratoriano en 1627. Sebastián como antigo oficial que foi cadra ben como santo de referencia para este ex militar debido en relixioso.

Presente, entre outras na colección da SMK (Staten Museum for Kunst), Copenhagen.

3.ROBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

DEAYM (De Amor Y Muerte), 1993

Augaforte

594 x 498 mm

Colección particular

A obra representa a San Sebastián como un home contemporáneo sen afeitar e con bigote e que, no canto de estar espido, leva camiseta e sobre esta unha camisa arremangada. Ten os ollos fechados e uns brazos peludos que coloca de xeito cruzado, o que na linguaxe dos xordomudos significa amor. Aínda que á vez a fondura expresiva do santa está a e falar da morte, porque esas dúas frechas que vemos crávanse no seu peito e nas súas mans cruzadas. Roberto González Fernández quixo falar nesta obra do martirio de Sebastián como metáfora da crise da sida, unha epidemia (lembramos que

o santo é para o cristianismo patrón contra a peste) que foi devastadora para coa comunidade gai internacional. O artista galego realizou con esta mesma composición unha longa serie de pinturas ao óleo onde os retratados eran amigos.

4. TERESA DEL PÒ

San Sebastián, c.1684

Augaforte

217 x 166 mm

Colección particular

A artista, admitida na Accademia di S. Luca, algo raro ao tratarse dunha muller, dá idea do seu alto nivel artístico. De feito os estudosos, datan este gravado, despois do seu ingreso en San Luca. A torre que vese ao fondo semella ser, segundo o parecer da crítica, o castelo de Benevento, na Campania, vila onde Teresa del Po estivo. Saber que foi feita por unha dona resulta especialmente suxestivo, nunha tradición que chega até os nosos días de mulleres artistas que se identificaron co santo. Un santo aquí de gran beleza corporal e longa melena clara que amosa na súa postura o orgullo da súa fe.

Presente, entre outras, na colección da Accademia dei Lincei, Roma.

5. GIOVANNI GIACOMO DE ROSSI

San Sebastián, a partir de 1648

Talla doce

225 x 152 mm

Colección particular

Presente, entre outras na Wellcome Collection.

6. ANÓNIMO

San Sebastián, s/d

Cobre

248 x 174 mm

Colección particular

O gravado amosa unha marcada influencia do Renacemento italiano, polo xeito que se encara a anatomía musculosa do santo, e tamén do Manierismo, pola composición feita derredor do ovalo cunha decoración detallada de elementos ornamentais característicos. A estampa contén como detalle singular, nas catro esquinas do gravado, outras tantas escenas da vida lendaria do mártir. Na cartela en latín di: "Entregou o seu corpo á morte para non servir aos Ídolos."

7. CHARLES-PAUL DUFRESNE

San Sebastián, anterior a 1938

Augaforte

540 x 435 mm

Colección particular

Unha visión contemporánea, sempre renovada e sempre antiga, dun dos San Sebastián de Guido Reni, un dos pintores de referencia no que atinxe á iconografía de Sebastián. Dufresne (1876-1938) foi un artista francés de sólida formación na Escola de Belas Artes de París e ao que a Bienal de Venecia consagrou unha sala enteira na Bienal de 1938.

8. BERNARD PICART

San Sebastián, c. 1725-1733

Cobre

123 x 95 mm c/u

Colección particular

O autor, se ben formouse no seu país, Francia, concluíu por residir e traballar, á raíz da súa conversión ao credo hugonote, nos Países Baixos. A estampa resulta particularmente novidosa, por tratarse de dous medallóns onde insírese a cabeza do santo mirando á destra e sinistra e que, de non ser, polo pé de texto e pola súa ollada dirixida ao ceo pensaríamos en bustos clásicos sen parentesco algún coa relixión.

Presente, entre outras na colección da National Gallery, Londres.

9. MICHEL CIRY

San Sebastián, 1964

Augaforte

314 x 256 mm

Colección particular

Unha iconografía de San Sebastián que, como tantos outros artistas ao longo do séculos, vén sendo utilizada como símbolo e metáfora persoal para auto retratarse ou representar á persoa que pousa. Perante nós, unha testa de home en primeiro plano que nos mira pesaroso cos seus grandes ollos claros e cuxo pescozo atravesan dúas frechas. A presente obra está datada o ano en que o artista retírase do balbordo artístico a vivir en Varengueville-sur-Mer, Normandía : “Non preciso compás, sei que o camiño está aí, e só aí. Non hai aglomeracións.” Aí a sondar as profundidades da humanidade.

Presente, entre outros, na colección do Museo Michel Ciry, de Varengueville-sur-Mer.

Sebastián, asistido polos anxos

1. FRANÇOIS GÉRARD JOLLAIN

San Sebastián, c. 1700

Talla doce

222 x 143 mm

Colección particular

Gravador francés nado en c. 1660 e morto despois de 1723 pertencente a unha familia de gravadores parisienses, seu pai Gérard e o seu irmán menor François dedicáronse tamén ao gravado e o seu comercio.

2. ANÓNIMO

San Sebastián, s/d

Xilografía

279 x 181 mm

Colección particular

3. WILLEM PANNEELS

O martirio de San Sebastián, con anxos coroándoo, na parte superior esquerda, c. 1620-1632

Augaforte

175 x 106 mm

Colección particular

Obra barroca deste gravador flamengo que debuxa a un robusto Sebastián que suxeita o seu pano de pureza cunha corda e, por certo, sen que caia milagrosamente o taparrabos. Repárese, por outra banda, nese horizonte de paisaxe que, a xeito de cadro autónomo, constitúe a zona inferior do cadro.

Presente, entre outras, na colección do Museu de Belles Arts de València.

4. PIETER VAN SCHUPPEN

San Sebastián, 1650 - 1655

Talla doce

433 x 323 mm

Colección particular

O gravador flamengo nado en Anveres desenvolveu a súa reputada carreira principalmente en París onde tivo unha merecida sona por mor do seu dominio do oficio. Do alto nivel de execución de Schuppen dá boa conta este recostado Sebastián de Van Dyck, co santo desfalecido e pasivo, e ao que está a piques de caerlle o pano de pureza mentres déixase facer por los dous anxos que o asisten.

5. NICOLAS BAZIN

San Sebastián, anterior a 1710

Talla dulce

249 x 187 mm

Colección particular

Gravador francés (1633-1710) ao buril e editor, home de extrema piedade que realiza desta volta unha estampa tan deliciosa no retrato do santo como tecnicamente de gran calidade.

6. GIOVANNI BATTISTA CECCHI

San Sebastián mártir, c. 1767-1815

Talla doce

273 x 193 mm

Colección particular

Presente, entre outras, na Wellcome Collection

7. STEFANO MULINARI

San Sebastián, 1774

Augaforte e augatinta

235 x 153 mm

Colección particular

Gravado pertencente ao álbum do mesmo autor: “Disegni originali d’eccellenti pittori esistenti nella Real Galleria di Firenze incisi ed intagliati nella loro grandezza e colori” de 1774.

Presente, entre outras, na colección da Accademia Carrara, Bérghamo.

8. AEGIDIUS SADELER II

San Sebastián curado polos anxos, c. 1595

Talla doce

423 x 319 mm

Colección particular

Nado en Anveres en 1568 dunha poderosa saga de gravadores, o gravador flamengo desenvolveu a súa carreira especialmente na corte de Rodolfo II, en Praga, onde faleceu, con anterioridade a 1629. A presente obra é un bo exemplo da súa xusta sona de gravador manierista que enche a escena de anxos aos pés do mártir e que ollamos en diversas posturas e acenos e onde o santo xera unha especie de revirado movemento helicoidal sobre si, para expresar a dor desas frechas sobre o seu corpo.

Presente, entre outras, na colección do Musei Civici di Monza.

9. SIMONE CANTARINI

San Sebastián, anterior a 1648.

Augaforte

194 x 127 mm

Colección particular

Un Sebastián rapaz, nu e sentado sobre a súa capa no bosque e apoiado nunha árbore que lembra, se non fora polas dúas frechas, á iconografía do San Xoán Bautista mozo e espido, tamén sentado no bosque. Un gravado de grande beleza pola lixeireza e soltura do debuxo que constrúe a escena con gracia e finura.

Presente, entre outras, na colección do Palazzo della stampa Remondini, Bassano del Grapa.

10. GIOVANNI BATTISTA PASQUALINI

San Sebastián atado a unha árbore, asistido por dous anxos, 1623

Augaforte

440 x 297 mm

Colección particular

Pasqualini (1595-1631) colaborou estreitamente con I Guercino na creación dos seus gravados. Unha escena ben singular este gravado de bo tamaño onde destaca a imaxe poderosa dun Sebastián sentado e mesmo debuzado no primeiro plano mentres contempla tranquilo a asistencia que lle prestan os dous anxos. Na parte inferior dereita aparece escrito: "Io Franciscus da Cento Inv."

Presente, entre outras, na colección do British Museum.

Sebastián e as santas mulleres

1. TROUSSAN?

San Sebastián curado por Santa Irene, 1926

Augaforte

260 x 275 mm

Colección particular

Non sabemos nada desta “epréuve d’artiste” que asina de xeito autógrafo quizais un tal “Troussan” en 1926 e que esta baseado no cadro da autoría do pintor italiano Francesco del Cairo datado no 1635 e conservado no Museo de Belas Artes de Tours en Francia. En calquera caso, a estampa é dunha calidade *tenebrista* extraordinaria na súa factura o que xustifica xa de por si un lugar destacado na colección.

2. CORNELIS SCHUT I

San Sebastián asistido das santas mulleres e anxos, c. 1612-1655

Augaforte

188 x 140 mm

Colección particular

Schut, foi o gravador de moitas das súas propias pinturas e esta estampa, se ben temos na mostra outro gravado tamén inventado por Schut, pero que nese caso gravaba Eyhoudt. En ambos gravados da colección vemos como o artista reúne ás santas mulleres e aos anxos derredor do mártir. De feito as dúas estampas son moi próximas en canto a conceptos e representacións e mesmo está o detalle dese pequeno *putto* que nas dúas estampas está montado sobre unha pola da árbore. A presente estampa é un traballo debuxístico de grande soltura e, á vez, enmarañada riqueza de información con ese enramado prolixo de liñas.

3. FRANÇOIS PERRIER

O martirio de San Sebastián, 1633

Talla doce

311 x 211 mm

Colección particular

O texto en latín resulta dabondo críptico: “O xinete, maior en feridas, por que debería levalas a un porto seguro? Porque tantas bocas do martirio se abren en vano.”

Presente, entre outras, na colección GMB, galería da cidade de Bratislava.

4. ANNE CLAUDE PHILIPPE DE TUBIÈRES, CONDE DE CAYLUS

San Sebastián, c. 1729

Augaforte e augatinta

265 x 162 mm

Colección particular

A obra formaba parte do volume “Recueil d’estampes d’après le plus beaux tableaux e d’après le plus beaux desseins (sic) qui sont en France” e resulta en extremo rara, pois no canto de seren Irene e as santas mulleres quen curan ao mártir é un home maior e barbudo a xeito de médico que ocupa o primeiro plano. Ademais a cura realízase no interior dunha mansión, no canto de seren como vén sendo a norma, ao pé da árbore. E logo, xa si, nos outros planos posteriores ao venerable barbudo si vemos mulleres entre homes.

Presente, entre outras, na colección do Art Institute of Chicago.

5.FRANCESCO NONNI

San Sebastián, 1925

Xilografía

280 X 207 mm

Colección particular

Un artista que semella un trasunto da arte do británico Aubrey Beardsley á arte italiana de Francesco Nonni, que está dacabalo entre á Art Nouveau e o Art Decó vindicando como premisa fundamental sempre a pura modernidade. Unha estampa que racha coas convencións da tradición iconográfica e onde se avoga por un escenario de absoluta modernidade. Para iso Noni recrea un santo moi andrónino de longos cabelos rizos cunhas “santas” mulleres, cal festeiras odaliscas dun harén, a poñer remedio ás feridas do seu amado Sebastián. O gravado foi publicado na revista Xilografía, ano II, nº 19, 1925, revista que o artista fundou e dirixiu durante os dous ano que saíu do prelo e que difundiu os mellores traballos en xilografía.

6. FRANCESCO ANTONIO MELONI

San Sebastián curado por Irene, finais de 1600 principios de 1700

Talla doce

329 x 228 mm

Colección particular

O gravador italiano Meloni (1676-1713) constrúe unha escena onde parte do seu encanto radica na detallada gracia da extensa vexetación do fondo, que actúa como gran pano vexetal, así como polo requintado estudo de pregues que hai tanto na capa de Irene como, particularmente, no pano de pureza do mártir que se estende polo chan.

Presente, entre outras, na colección da Pinacoteca Nazionale di Bologna.

7. JACQUES-MATHIAS SCHMUZER

San Sebastián atendido por Santa Irene, 1754

Talla doce
415 x 265 mm
Colección particular

Unha composición triangular onde o cumio do triángulo compositivo está representado quizá por Santa Irene, sendo a dun lado Sebastián e doutro unha das compañeiras.

Presente, entre outras, na colección da Scottish National Gallery of Modern Art.

8. REMOLDUS EYNHOUDT

San Sebastián, c. 1626-1680

Talla doce
333 x 225 mm
Colección particular

Na estampa feita polo flamengo Eynhoudt mais inventada por Cornelis Schut I resulta especialmente cativadora a ollada fonda e permanente que o santo dirixe ao espectador e que fai que semelle mesmo a piques de erguerse para dirixirse cara a nós. A isto cómpre engadir o innegable atractivo dun santo aquí particularmente naturalista, sen asomo algún de idealización. Na escena conflúen en socorro de Sebastián, santa Irene e anxos. Na parte inferior lese: Que furor no peito enfurécese, devolve os dardos / Estoupa a calor, Amo

9. ANA MARÍA PACHECO

Estudo para San Sebastián II, 1998

Punta seca
857 x 667 mm
Colección particular

A artista e académica brasileira asentada na Gran Bretaña ten connotado a miúdo a súa obra con temas espirituais ou transcendentais, como ben acredita tamén esta obra. O gravado enmárcase nunha gran instalación feita para a National Gallery de Londres titulada “Noite escura da alma”, 1999, que inspírase no cadro “O Martirio de San Sebastián”, de Antonio e Piero del Pollaiuolo, da National Gallery. Na instalación o santo aseiteado, espido e encapuchado está de xeonllos, igual que neste gravado que, por fortuna e nesta estampa, ten o rostro doce e tenro dunha muller a quitarlle a frecha. A composición constrúe unha afortunada comunión entre ambos personaxes. Porque cabeza dela e a del semellan formar parte ambas dun mesmo corpo ferido.

Sebastián in gloria

1. ANÓNIMO

Santos en xaneiro, s/d

Cobre iluminado

320 x 203 mm

Colección particular

Folla coloreada a man coas efixies das santas e santos máis importantes do mes de xaneiro.

2. JOHN BAPTIST JACKSON

A Virxe nas nubes con seis santos, 1742

Cobre

587 x 372 mm

Colección particular

Este gravado de gran pericia técnica formaba parte dun álbum con 24 xilografías titulado *Opera Selectiora: Titiani Vecelii, Pauli Caliarii, Jacobi Robusti et Jacobi de Ponte*, editado en Venecia en 1745 polo británico John Baptist Jackson que residiu en Venecia. Desta volta temos a escena completa pintada por Tiziano, xa que no caso do gravado de Boldrini o gravador centrárase só nos santos da zona inferior, e repárese nas diferenzas deste Sebastián, tal como está na pintura orixinal, co gravado por Boldrini.

Presente, entre outras, na colección da National Gallery of Art, Washington

3. NICCOLÒ BOLDRINI

Os seis santos, c. 1535

Xilografía

380 x 540 mm

Colección particular

San Sebastián, Francisco de Asís, Antonio de Padua, Pedro, Nicolau de Bari e Catarina de Alexandría e por riba deles unha visión da Virxe, iso é o que pinta Tiziano para o retablo da igrexa de San Nicolo ai Frari en Venecia. Sen embargo o gravado reproduce só aos santos que están aos pés da Virxe. E aquí vemos unha constante de moitas destas escenas celestes: Fronte a todo o resto de santas e santos Sebastián destaca, desta volta un chisco ao marxe do resto, pola súa nudez, musculatura, xuventude e a súa actitude orgullosa. Cómpre dicir que na pintura orixinal de Tiziano Sebastián loce máis humilde e contraído, ao que puxo remedio o gravador nesta estampa de gran formato. Por certo, Boldrini foi o gravador por excelencia da obra pictórica de Tiziano.

Presente, entre outras, na colección do The Cleveland Museum of Art

4. MIQUEL SORELLÒ

Verdadeiras efixies dos santos Sebastián e Roque, c. 1750-1765

Talla dulce

443 x 295 mm

Colección particular

O texto en latín dinos que trátase das efixies verdadeiras dos santos Sebastián e Roque, que durante a terrible peste de 1656, o día 18 de xuño, na antiga Catedral de Túscolo foron descubertas de xeito espontáneo ditas efixies e que elas liberaron á cidade do flaxelo e que por iso os tusculáns venéranos como patróns benéficos en toda circunstancia e por iso erixiron alí mesmo un altar. O interesante do gravado é que é unha obra de arte (gravado) que representa non a realidade naturalista se non a outras obras de arte (un retablo, dúas pinturas, varias esculturas de anxos) e elas, segundo o dito no texto, son as protagonistas, porque son as efixies propiamente ditas quen salvan aos devotos. O catalán Sorellò, nado en Barcelona e falecido en Roma derredor de 1765, é o gravador.

Presente, entre outras, na colección do Museo Civico Tuscolano, Frascati.

5. ALBERT-GEORGES BESSÉ

Matrimonio místico de santa Catarina de Alexandría en presenza de San Sebastián, c. 1900

Augaforte

414 x 393 mm

Colección particular

6. CARL POHL

A Virxe de San Sebastián, c. 1836-1840

Litografía

Colección particular

Lámina procedente do álbum *Die vorzüglichsten Gemälde der Königlichen Galerie in Dresden*. Dresden, 1836, que contén en dous volumes un total de 200 reproducións litográficas entre as que se atopa esta coidada e luxosa lámina.

7. GIUSEPPE ROSASPINA

A Virxe co Neno con santos e doante, c. 1830-1850

Talla doce

251 x 249 mm

Colección particular

Xusto detrás de Sebastián e de xeonllos aparece o doante do cadro: Bartolomeo Felicini. A estampa procede, seguramente, do álbum: *La pinacoteca di Bologna riprodotta in*

sessanta incisioni, del celebre professore Francesco Rosaspina e sua scola, Bolonia, 1830, segunda ed. 1854.

Presente, entre outras, na colección do The British Museum.

8. RAPHAEL SADELER

A Sagrada Familia con Santa Catarina e San Sebastián, , 1598-1602

Cobre

184 x 243 mm

Colección particular

Presente, entre outras, na colección da Biblioteca Nacional de España.

Entre as moitas “Sacra Conversazione” que o ben preside a Virxe, de xeito maioritario, ou ben a Santísima Trindade ou outro santo ou santa, este patrocinio da Sagrada Familia no portal de Belén resulta completamente inédito. Até o punto de que Sebastián ben pode ser confundido cun pastor que visita o Nacemento. A outra figura semella unha nobre dama adorando ao Neno recen nado, aínda que trátase en realidade de Santa Catarina coa que o Neno Xesús está, á par, celebrando o seu desposorio, poñéndolle un anel no dedo á santa. Por outra banda, os poemas escritos en latín na zona inferior din: “Olla, que grandes recompensas agardan a aqueles que manteñen casto seu pudor/ desprezando as riquezas.” “Vamos, que a morte sexa desexa polo casto pudor./ Que non faltarán dignas recompensas para teus feitos.”

Sebastián noutros soportes

1. KEITH HARING

San Sebastián

Serigrafía

Colección particular

Edición de serigrafía cunha edición de 150 copias editadas pola Fundación Keith Haring a partir da pintura acrílica *San Sebastián*, de 1984, cuxa medidas orixinais son 152,4 x 152,4 cm. Un San Sebastián atravesado por avións que chocan e atravesan un corpo de home nu. Avións como paradigma, como o foi tamén o coche, do mundo moderno que esnáfrase contra o noso corpo lacerándoo. En 1951 o artista holandés Frans Masereel xa usara nunha xilografía aos avións como novas setas a ferir o corpo de Sebastián.

2. TINO REX

San Sebastián, 2005

Xilografía

489 x 355 mm

Colección particular

Un primeirísimo primeiro plano que semella un autorretrato como Sebastián do propio artista, onde aproxima con curiosidade o seu rostro ao espectador até case bater coa súa ollada.

3. CHRISTIAN SCHAD

San Sebastián, 1915

Xilografía

178 x 122 mm

Colección particular

Foi un dos primeiros gravados en madeira do artista e apareceu orixinalmente no nº 11, da revista expresionista *Die Weissen Blätter*, en novembro de 1915. A crítica coincide en recoñecer que o expresionismo da figura está en relación coa dor e o terror da Grande Guerra. O artista, representante da Nova Obxectividade e coñecido polos seus retratos sensuais e liberais das xentes urbanas, amosa aquí o lado máis arrepiante e doloroso da vida na guerra, neste nocturno no que un home espido e co seu sexo debuxado con nitidez, mais sen asomo de erotismo, está axeonllado na metade do bosque ollando directamente cara ao espectador e onde a súa pel ourizada como se estivese cuberto de espiños expresa ben a crueza do contexto bélico de Alemaña.

4. JOHANNES WANKE

San Sebastián, 1950

Xilografía

455 x 226 mm

Colección particular

O vienés Vanke amosa aquí o seu característico xeito expresionista coa técnica que resulta máis acaída ao seu credo artístico, porque a xilografía, resulta especialmente expresiva para debuxar trazos marcos pola rotundidade e a forza

Vitrina 1

LUDOVICO LANA

San Sebastián, antes de 1646

Augaforte

140 X 109 mm

Colección particular

Un belo e simplificado debuxo libre, rápido e áxil que nos retrotrae, se non fora pola frecha, ás representacións de San Xoán Bautista cando é representado como un rapaz moi novo case espido e vivindo cal anacoreta na natureza. É un gravado da invención do gravador como todos o resto de obra súa, moi escasa. Este gravado foi atribuído até recentemente a Lorenzo Loli, debido ao confuso monograma “LL F” e ao seu estilo moi similar. Na actualidade a crítica académica o adscribe a Ludovico Lana, quen se formara con Ippolito Scarsello, logo Guido Reni e, sobre todo, con Guercino que foi seu maior inspirador estilístico e gran influencia da súa obra impresa. .que chegou a ser pintor de corte do duque Francisco I d’Este, en Módena.

Presente, entre outras, na colección dos Musei Civici di Monza.

OLMUTZ WENZEL

Martirio de San Sebastián, finais do s. XV

Cobre

95 X 135 mm

Colección particular

O santo de anatomía delicada ten aos seus pés unha gran capa, unha rica prenda que adoita vestir tamén o santo en moitas esculturas e pinturas alemás da época. As figuras dos arqueiros visten roupas anacrónicas, de época do artista, igual que o uso polos arqueiros da bésta, imposible en época romana. O asunto do estranxeiro e da xenofobia vémolos representados a través dos dous varóns que observan á escena cos seus bastóns, os cales portan turbantes árabes (algo frecuente por certo en moitas escenas), aludindo con iso ao pecador infiel, culpable de todos os males do mártir.

Presente, entre outras, na colección do MET, Nova York.

HIERONYMUS WIERIX

San Sebastian, antes de 1619

Augaforte

87 X 56 mm

Colección particular

O gran artista de Anveres coñecido polas súas e detalladas, á par que minúsculas estampas foi un neno prodixio no gravado. Ten na súa biografía un episodio truculento

que o emparenta con xenios como Caravaggio: matou a unha muller en estado de ebriedade en 1578. Na estampa descubrimos que á esquerda da escena hai unha mancha de homes batendo cos seus paus nun home cangado, o que resulta ser o martirio final de Sebastián, dado que este non morrera polos dardos. A frase en latín di: “Por ti somos mortificados todo o día, somos considerados como ovellas de matanza” (Salmos, 43).

Presente, entre outras na colección do British Museum, Londres.

Vitrina 2

LUCAS VAN LEYDEN

San Sebastián, c. 1510

Buril Cobre

104 x 71 mm

Colección particular

O autor renacentista holandés está considerado un dos máis brillantes gravadores da historia da arte ao que o propio Alberto Durero mercou todos os seus gravados.

Estampa de gran delicadeza que conta cun detalle iconográfico cativador: esa breve calzón que usaban os contemporáneos do artista e fai ao santo moito máis humano e real. Singular é tamén o feito de que o artista asina coa inicial do seu apelido mediante unha cartela que, ben visible, pendura no alto, na póla dunha árbore.

Presente, entre outras, na colección do MET, Nova York.

MERKEL CONRAD (Atribuído)

San Roque e San Sebastián, c. 1750

Xilografía

186 x 138 mm

Colección particular

O Catalogo Generale dei Beni Culturali de Italia o atribúe ese MC a Merkel Conrad, activo na segunda metade do século XVIII. En calquera caso é considerada imaxe de devoción popular, pero contén un enorme encanto plástico, pois o corpo de Sebastián semella estar feito en planos quebrados e cubistas propios do século XX, o que unido a esa grafía de fortes liñas negras dotan ao conxunto de gran potencialidade visual.

KARL FRIEDRICH SEIFERT

San Sebastián, c. 1855

Augaforte

72 x 58 mm

Colección particular

Presente, entre outras, na SKD, Colecciones de Arte Estatales de Dresde.